

Programa “Libros á súa medida”

Sabendo a importancia que ten a lectura e tendo en conta o alcance e a repercusión que pode ter a colaboración con outras entidades, máxime en épocas como a que nos tocou vivir nestes momentos, a Biblioteca da Deputación da Coruña quixo aumentar os seus esforzos para impulsar o hábito lector a través da cooperación cos centros educativos.

Para iso decidiu ofrecer aos colexios, que así o desexen, a oportunidade de gozar dun préstamo especial de “Libros á súa medida”.

Para participar neste programa simplemente teñen que acudir á Biblioteca Provincial e pasar pola sección correspondente (Bbtk Infantil para nenos menores de 9 anos, Sección Xuvenil para nenos e mozos de 9 a 18 anos) onde poderán retirar un máximo de 15 libros¹, de entre unha selección de gran calidade do panorama editorial actual. O préstamo será de 45 días.

Con todo isto pretendemos conseguir unha percepción positiva da lectura por parte de nenos e mozos a través de libros de calidade, en sintonía cos seus gustos e necesidades.

Deste xeito, a primeira vez que un colexio queira incorporarse ao Programa “Libros á súa medida”, deberá traer un documento que certifique que fará uso da Biblioteca en concepto de centro educativo, ademais de cubrir o impreso que aparece mais abaixo, e faráselle un carné de socio. Co devandito carné, calquera profesor do centro poderá retirar os libros que necesite¹ para realizar o seu marabilloso labor mentres favorece o fomento da lectura.

¹ O préstamo de materiais estará en proporción do fondo dispoñible. Ademais estarán excluídas do préstamo as enciclopedias, dicionarios e obras de información. Para maior detalle consultar coa persoa responsable da sección.

SOLICITUDE DO CARNÉ PARA CENTROS

DATOS DO CENTRO

Nome: _____

Enderezo: _____

C.P.: _____ Poboación: _____

Teléfono: _____ Fax.: _____

Correo electrónico: _____

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE

Nome: _____ Apelidos: _____

DNI: _____ Cargo que ocupa: _____

Desexando usar os servizos de préstamo da Biblioteca da Excma. Deputación Provincial da Coruña comprométome a cumprir as condicións establecidas no seu regulamento:

- 1º) A devolución do material no mesmo estado de conservación e limpeza no que foi entregado (agás o natural deterioro polo uso), dándolle un trato coidadoso.
- 2º) Cumplir o prazo do préstamo, que é dun mes e medio.
- 3º) O carné terá vixencia dun curso escolar e deberá renovarse dende o 1 de setembro.

A Coruña, de de

Asdo.: